

MEMORIA ANUAL 2020

PROPERDIS EMPRESA DE INSERCIÓN
LABORAL

B70271614

SERVIZOS E.I.L

Rúa Gándara 44, **Oleiros** Ribeira

T 981 865 716

servizos@amicos.org

1. INTRODUCCIÓN

A empresa de Inserción Laboral PROPERDIS nace en novembro do 2010, co obxectivo de ofrecer unha oportunidade de emprego a persoas pertencentes a colectivos especialmente desfavorecidos e con menos posibilidade de acceso ó mercado laboral ordinario por presentar altos índices de déficit de empregabilidade.

A través do itinerario personalizado de inserción sociolaboral, realízanse actuacións, consensuadas entre a empresa e a persoa en risco de exclusión social, co obxectivo de acadar a inserción, tomando man de procesos de acompañamento laboral e social.

Con todo elo, trátase de demostrar que determinadas persoas con especiais dificultades de acceso ó emprego, son capaces de desenrolar un traballo produtivo e culminar os procesos de normalización e inserción que veñen realizando, sempre e cando reciban unha intervención orientada á consecución de melloras do seu nivel de empregabilidade.

Properdis dedica os seus servizos ás seguintes actividades:

- Servizos de obras
- Construción
- Reformas
- Xardinería
- Servizo de limpeza
- Traballos forestais e medioambientais
- Viveirismo
- Construción de invernadoiros e sistemas de rego
- Venta e distribución de material publicitario e de artesanía

SERVIZOS E.I.L

Rúa Gándara 44, **Oleiros** Ribeira
T 981 865 716

servizos@amicos.org

Durante este ano 2019, Properdis continuou a súa actividade en actividades de obras e construción. Asemade realizou actividades de reforestación, eliminación de especie invasora e limpeza de praias.



2.LOCALIZACIÓN

A empresa de inserción laboral PROPERDIS S.L. ten domicilio en A Gándara, nº44, Oleiros - Riveira.

3.DESTINATARIOS

PROPERDIS promove a inserción laboral de persoas en risco de exclusión social. Así pois, define as características do colectivo ó que vai dirixida a súa función:

- Perceptoras de Rendas Mínimas de Inserción, o calquera outra prestación de igual o similar natureza.

SERVIZOS E.I.L

Rúa Gándara 44, **Oleiros** Ribeira

T 981 865 716

servizos@amicos.org

- Persoas que non poidan acceder ás prestación descritas anteriormente.
- Xoves maiores de 18 anos e menores de 30, procedentes de Institucións de Protección de Menores.
- Persoas con problemas de drogodependencias ou outros trastornos aditivos que se atopen en proceso de rehabilitación o reinserción social.
- Internos en centros penitenciarios cuxa situación penitenciaria lles permita acceder a un emprego.
- Persoas procedentes de centro de aloxamento alternativo autorizado polas Comunidades Autónomas.
- Persoas procedentes de servizos de prevención e inserción social autorizadas polas Comunidades Autónomas.

A situación de exclusión das persoas pertencentes a estes colectivos deberá ser acreditada polos Servizos Social Públicos competentes, e deberán estar desempregadas e inscritas nos Servizos Públicos de Emprego.



SERVIZOS E.I.L

Rúa Gándara 44, **Oleiros** Ribeira
T 981 865 716

servizos@amicos.org

4. BALANCE SOCIAL

O itinerario personalizado de inserción sociolaboral resulta dun conxunto de integral de actuacións consensuadas entre a empresa e a persoa en risco de exclusión social, que teñen como obxectivo a mellora da empregabilidade como medio de acadar a inserción social e laboral. Para acadar isto tomamos man dunha metodoloxía que integra de maneira secuencial as seguintes etapas:

a) **Acceso ós itinerarios**

A través dunha primeira entrevista individualizada, recóllese información xeral sobre a situación sociolaboral e económica das persoas. A información recollida dixitalízase en formato de fichas, nas cales se reúnen os datos básicos que nos permiten identificala como potencial beneficiaria dos itinerarios. Con esta ficha obtemos unha aproximación á situación social, laboral, familiar, xurídica, sociosanitaria e económica das persoas, e identificar a conveniencia de ofrecer a participación nos itinerarios dispoñibles na empresa.

Se a persoa se adecúa ás características da poboación obxecto, ofréceselle a participación no proceso de inserción, comentándolle as características e contidos. No caso de que o beneficiario se interese, realízase ao diagnóstico da empregabilidade e plan de traballo individual.

O diagnóstico inclúe a valoración de aspectos psicosociais, das competencias e cualificación, da vontade de cambio e autonomía das persoas, así como información sobre o entorno familiar.

SERVIZOS E.I.L

Rúa Gándara 44, **Oleiros** Ribeira

T 981 865 716

servizos@amicos.org

b) Plan de traballo

Con base nas necesidades identificadas no diagnóstico da empregabilidade, materialízase o itinerario nun plan de traballo, que establece os obxectivos a alcanzar, os resultados esperados e as actividades a desenvolver.

O plan de traballo elabórase de maneira consensuada coa persoa beneficiaria, partindo de modelos establecidos pola empresa, axustando as expectativas dos usuarios para prever situacións de frustracións.

O plan de traballo formalízase nun acordo escrito coa finalidade de fixar obxectivos e resultados esperados, as actividades a desenvolver e a temporalidade, como garante dun compromiso concreto de actuación compartida.

c) Seguimento e avaliación

Realízase un exame continuo e periódico da execución do plan de traballo, asegurando así o cumprimento do cronograma fixado e dos resultados esperados. Compróbase que foron adquiridas as habilidades e competencias necesarias que permitan mellorar ou incrementar o grao de empregabilidade e da situación sociolaboral.

Consta dunha recollida de datos a través da observación directa, contactos telefónicos ou por e-mail, entrevistas máis ou menos estruturadas centradas nos procesos ou actividades que se desenvolven dentro do itinerario.

Os técnicos realizan unha labor de acompañamento do proceso, adaptando e reorientando o plan de traballo, dentro das necesidades de sustentabilidade económica que presenta a empresa na competencia do mercado.

SERVIZOS E.I.L

Rúa Gándara 44, **Oleiros** Ribeira
T 981 865 716

servizos@amicos.org

d) **Intermediación**

O obxectivo final é a incorporación do traballador ó mercado laboral, polo que tratamos de engadir ós obxectivos de formación e adquisición de habilidades a creación de contactos con outras empresas do sector que lles faciliten oportunidade a aqueles traballadores que completen o plan de traballo. Desta maneira realizamos un achegamento activo á empresa onde damos a coñecer o perfil do candidato e promover así un marco de confianza para a contratación do mesmo.

INFORMACIÓN E IMPACTO SOCIAL DA INSERCIÓN

→ *Plantilla media total de traballadores segundo xénero:*

Durante o ano 2020 estiveron en plantilla de PROPERDIS 20 traballadores tendo en conta tanto ó persoal de estrutura (xestión, técnicos...) como persoal en inserción.

HOMES	MULLERES
17	3

→ *Traballadores de inserción e nº de postos de inserción:*

Durante o ano 2020 estiveron na plantilla de PROPERDIS

TRABALLO DE ESTRUCTURA	TRABALLO DE INSERCIÓN
2	11

SERVICIOS E.I.L

Rúa Gándara 44, **Oleiros** Ribeira

T 981 865 716

servizos@amicos.org

→ *Modalidades de contratación:*

Ó analizar as modalidades de contratación utilizadas en PROPERDIS, cabe recordar que se trata dunha empresa de tránsito que perseguen unha incorporación ao mercado ordinario do seu traballadores de inserción, o que fai que o tipo de relación sexa temporal e non indefinida, tal e como estipula a propia Lei de empresas de inserción.

MODALIDADE DE CONTRATACIÓN		% xornada
Obra e servicio	5	100
Formación /prácticas (beca FEUGA)	0	
Contrato de exclusión social bonificado	0	0
Outros	15	100/50
Total	20	

SERVICIOS E.I.L

Rúa Gándara 44, **Oleiros** Ribeira

T 981 865 716

servizos@amicos.org

5.CONCLUSIONÍS

Concluindo, podemos destacar que PROPERDIS, como empresa de inserción laboral:

- Permite obter experiencias innovadoras no escenario de loita contra a exclusión social e laboral.
- Dan resposta ás novas demandas e valores sociais de cohesión social, igualdade e solidaridade.

Tendo en conta os obxectivos plantexados e vendo os resultados obtidos no proceso de inserción, valoramos positivamente o traballo realizado.

Nº traballadores de inserción	Insercións acadadas
11	2

SERVIZOS E.I.L

Rúa Gándara 44, **Oleiros** Ribeira

T 981 865 716

servizos@amicos.org